



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA



SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 110 /2023

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CLÚSTER DO AUDIOVISUAL GALEGO PARA FINANCIAR O “PROXECTO I+D, INCUBA”

Na Coruña, a 12 de decembro de 2023

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante,

### REUNIDOS

Dona Natividad de Jesús González Rodríguez, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don Alfonso Blanco Bembibre, Presidente da Asociación Clúster do Audiovisual Galego.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

### MANIFESTAN

1.- A Asociación Clúster do Audiovisual Galego é unha asociación empresarial sen ánimo de lucro, creada en 2003, que reúne a empresas tractoras da industria de contidos dixitais e audiovisuais en Galicia que participan en todos os procesos da cadea de valor da produción audiovisual.

Toda a súa actividade baséase na colaboración entre os axentes do sector para xerar valor engadido para aumentar o seu volume de negocio a través de sinerxías para desenvolver Proxectos empresariais que convertan a Galicia nun referente da industria audiovisual.

Entre os obxectivos da Asociación Clúster do Audiovisual Galego destacan:

- Fomento do I+D+i
- Promover a internacionalización das empresas
- Xerar e propiciar sinerxías empresariais entre as nosas compañías
- Potenciar a competitividade dos nosos produtos
- Mellorar as vías de financiamento
- Investir en capital humano

A Asociación Clúster do Audiovisual Galego ofrece ás súas empresas unha oferta de servizos horizontais, de forma que estas reciben unha asistencia corporativa e mancomunada en materias craves para o sector.

2.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, é competencia propia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento

en materia de cultura.

**3.-** A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Clúster do Audiovisual Galego coinciden no seu común interese en realizar este Proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Asociación Clúster do Audiovisual Galego, con CIF: G15891260, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do "Proxecto I+D, INCUBA".

### II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Asociación Clúster do Audiovisual Galego desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

#### Conceptos

Soldos e salarios	28.789,57
Seguridade social a cargo da entidade	7.197,35
Comunicacións: Correos, tfno, internet, aloxamento web. Gastos xerais	20.147,30
Servizos de profesionais independentes	45.203,97
Publicidade, propaganda e relacións públicas	9.927,26
Desprazamentos	12.155,50
Axudas	90.000,00
Arrendamentos e canons	223,94
Subministracións. Gastos xerais	10.073,65

**Total orzamento** **223.718,54**

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do 13,41%.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 13,41% da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Clúster do Audiovisual Galego obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xusticado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Clúster do Audiovisual Galego.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Asociación Clúster do Audiovisual Galego, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Clúster do Audiovisual Galego deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Clúster do Audiovisual Galego

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle abonada á Asociación Clúster do Audiovisual Galego unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

\* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da Asociación Clúster do Audiovisual Galego, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

\* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas **o 31 de decembro de 2023.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Clúster do Audiovisual Galego deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2024.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido estes derradeiros prazos sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Asociación Clúster do Audiovisual Galego para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Clúster do Audiovisual Galego da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Clúster do Audiovisual Galego na documentación aportada.

## **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- A Asociación Clúster do Audiovisual Galego deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

## **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- A Asociación Clúster do Audiovisual Galego destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Clúster do Audiovisual Galego deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Clúster do Audiovisual Galego poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Clúster do Audiovisual Galego queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de

maio, aos procedementos de enxuciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

#### **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Clúster do Audiovisual Galego serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Clúster do Audiovisual Galego será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

#### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2023.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2024, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación Clúster do Audiovisual Galego, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o **24 de novembro de 2023**

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**A REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA**

**O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN  
CLÚSTER DO AUDIOVISUAL GALEGO**

**Asdo.: Natividad de Jesús González Rodríguez**

**Asdo.: Alfonso Blanco Bembibre**

**A Secretaria Xeral  
da Deputación Provincial da Coruña**

**Asdo.: Amparo Taboada Gil**